

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE XUÑO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:20 horas do día 7 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Jesús López Moure (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 2c, 3b e 3c)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2d e 3d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 2 de xuño de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 2 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.
2. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a EULEN. S.A. para que poida emendar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 06:33	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH45-845CEB-CF3HD4-NHWNSX-6RYQR3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá emendar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP. Na súa declaración responsable declara estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde consta que teñen clasificación alternativa para un dos CPVs previstos no apartado 2B do Anexo I -FEC- do PCAP (98341130-5 (servizos de conserxería)), pero non teñen a clasificación correspondente ao CPV 92312000-1 (servizos artísticos), pois non existe clasificación alternativa.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CLOTHOS
 2. PROYFE, S.L.
 3. UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE0, S.L. - EIC DURAN, S.L. (participación na UTE ao 50%)
 4. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.
 5. INGENIA PROYECTOS TECNICOS, S.L.
 6. CONSULTORIA, INGENIERIA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCION, S.A. (G.O.C.)
 7. URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L.
 8. TECNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPISA)
 9. SGS TECNOS, S.A.
 10. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.
 11. EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. GALAICONTROL, S.L.: Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente.
 2. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.: Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente. Lémbrese que de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP “*Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato*”. En consecuencia, teranse en conta todos os contratos executados nun mesmo ano (calquera



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 06:33	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H45-845CEB-CF3HD4-NHWNSX-6RYQR3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos últimos cinco), non a suma dos contratos dos cinco últimos anos.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - 1. CLOTHOS
 - 2. PROYFE, S.L.
 - 3. UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIAMBIENTE, S.L. - EIC DURAN, S.L. (participación na UTE ao 50%)
 - 4. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.
 - 5. CONSULTORIA, INGENIERIA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCION, S.A. (G.O.C.)
 - 6. INGENIA PROYECTOS TECNICOS, S.L.
 - 7. UTE INGENIERIA DEL NOROESTE, S.L. - GALAICONTROL, S.L. (participación na UTE ao 50%)
 - 8. URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L.
 - 9. TECNICAS Y PROYECTOS S.A. (TYPISA)
 - 10. SGS TECNOS, S.A.
 - 11. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.
 - 12. EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguintes licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.: Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente. Lémbrese que de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP “Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”. En consecuencia, teranse en conta todos os contratos executados nun mesmo ano (calquera dos últimos cinco), non a suma dos contratos dos cinco últimos anos.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 06:33	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH45-845CEB-CF3HD4-NHWNSX-6RYQR3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - 1. EMPRESA RAUL, S.A.
 - 2. EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.
 - 3. AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.
 - 4. VIAJES MELYTOUT, S.L.
 - 5. AUTOS GONZALEZ, S.L.
 - 6. UTE VDA. DE J.DOMINGUEZ S.L. - TRANSPORTES LA UNION, S.A.- AUTOINDUSTRIAL, S.A. E CASTROMIL, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a requirir a emenda da documentación persoal a un dos licitadores.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b requirir a emenda da documentación persoal a dous licitadores.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2c requirir a emenda da documentación persoal a un dos licitadores.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

Os licitadores EMPRESA RAÚL, S.A. e EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. presentan un único exemplar (en formato dixital), polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación que se anexa á aplicación da xestión de expedientes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 06:33	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH45-845CEB-CF3HD4-NHWNSX-6RYQR3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Asisten á apertura D^a. María Solla Rivas, con DNI 77.402.843-T, e D. Fidel Martínez Gil, con DNI 34.626.070-F, ambos en representación de AUTOS GONZALEZ, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 06:33	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH45-845CEB-CF3HD4-NHWNSX-6RYQR3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		